



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Necesidades específicas de apoio educativo e adaptacións curriculares		Código	652511211
Titulación	Mestrado Universitario en Psicopedagogía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Castro Rodríguez, M <sup>a</sup> Montserrat	Correo electrónico	maria.castror@udc.es	
Profesorado	Castro Rodríguez, M <sup>a</sup> Montserrat Fernández Sánchez, Andrea	Correo electrónico	maria.castror@udc.es andrea.fernandez.sanchez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende axudar a entender as particularidades e a maneira de enfrentarse á aprendizaxe das persoas con necesidades específicas e analizar as implicacións derivadas das distintas formas de diversidade para unha escola inclusiva.</p> <p>Trátase de chegar a ser quen de desen?ar propostas de intervención?n psicopedagóxicas orientadas a mellorar a participacio?n, a aprendizaxee e o éxito de todo o alumnado sen discriminación por capacidades ou rendimento.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A4	Capacidade para coordinar, facilitar e impulsar a utilización de medios e recursos didácticos e multimedia favorecedores de atención á diversidade
A5	Planificar a intervención educativa en diferentes contextos, identificando e interpretando as dificultades e trastornos que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.
A7	Potenciar a xustiza curricular mediante o uso de estratexias didácticas respectuosas coa diversidade social, cultural e ambiental, analizando criticamente a experiencia histórica de exclusión educativa, e elaborando as adaptacións do currículo que garantan unha perspectiva inclusiva da educación
A8	Deseñar, implementar e avaliar prácticas educativas, programas e servizos que dean resposta ás necesidades das persoas, organizacións e colectivos específicos, promovendo a presenza, participación e éxito de todo o alumnado en contornos educativos e sociolaborais.
A9	Desenvolver estratexias, técnicas e recursos para a prevención, detección e avaliación de necesidades específicas de atención educativa
B2	Aprender a aprender
B3	Capacidade de resolución de problemas
B4	Capacidade de aplicar coñecementos na práctica psicopedagóxica
B10	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Ser capaz de recoñecer a diversidade como característica esencial do contexto educativo. Enmarcar as NEAE na perspectiva dunha escola heteroxénea.		AP4	BM2
		AP5	CM4
		AP7	CM6



Ser capaz de detectar e avaliar as NEAE e deseñar as liñas de intervención educativa para dar resposta á mesma.	AP8 AP9	BM2 BM3 BM4 BM10	CM6
Desenvolver o coñecemento e as destrezas necesarias para asesorar ao profesorado respecto á adaptación do curriculum en todos os sus niveis de concreción.	AP4 AP8	BM3 BM4 BM10	CM4 CM6

Contidos	
Temas	Subtemas
Psicopedagogía e Diversidade dentro do Deseño Universal da Aprendizaxe	A intervención Psicopedagóxica para unha escola que recoñece a diversidade Modelo experto e modelo colaborativo na intervención Psicopedagóxica. Estructura da Orientación Psicopedagóxica: Equipos Específicos e Departamentos de Orientación. Composición. Organización. Funcións.
Necesidades Específicas de Apoio Educativo na práctica psicopedagóxica. Análise a partir da realidade do noso entorno educativo.	Detección das características do alumnado, avaliación e deseño da intervención psicopedagóxica nun contexto inclusivo: Deseño Universal de Aprendizaxe
Apoio Educativo para unha escola inclusiva	Modelos de Apoio Organización da Intervención Psicopedagóxica
Adaptacións do Curriculum para a resposta á diversidade.	As adaptacións: Do individual ao institucional A adaptación curricular como unha práctica colaborativa Medidas orordinarias Medidas extarordinarias Deseño, avaliación e seguimento

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B2 C4 C6	2	0	2
Presentación oral	A4 A7 A9	4	0	4
Discusión dirixida	B3 B4 C4 C6	6	6	12
Estudo de casos	A8 A5 B10	4	5	9
Portafolios do alumno	B2 B3 B4 B10 C6	0	30	30
Seminario	A7 A8 B2 B3 B4	13.5	10	23.5
Lecturas	A7 A8 A9 B2	0	30	30
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Terán por obxecto indagar sobre os coñecementos previos e a motivación do alumnado sobre a temática de cada unidade ou bloque temático
Presentación oral	Dos conceptos chave de cada bloque temático e unidade . Da estrutura e organización dos contidos esenciais. Dos casos, informes e textos sobre os que se desenvolverá o traballo grupal e individual.
Discusión dirixida	Tomando como base as lecturas indicadas no seminario, os casos prácticos estudados ou as indagacións que o alumnado realiza sobre as temáticas previamente fixadas, levarase a cabo unha discusión dirixida que ten como fin construír unha aprendizaxe significativa na que o alumnado revise, cuestione e contraste e faga seu o coñecemento.



Estudo de casos	Os estudo de casos de alumnado que presenta Necesidades Específicas de Apoio Educativo, servirá como elemento para relacionar o coñecemento teórico e práctico sobre a problemática da inclusión educativa. Permite analizar aspectos de avaliación diagnóstica e detección, tratamento individualizado e adaptacións do curriculum tanto desde unha perspectiva individual como institucional.
Portafolios do alumno	Nel recolleráanse as actividades teórico-prácticas levadas a cabo nas sesións presenciais, debidamente enriquecidas e complementadas coas lecturas persoais, así coma os estudos de caso ou calquera outra actividade levada a cabo ao longo das sesións de aula.
Seminario	Será o núcleo principal da actividade presencial. Nas sesións presenciais potenciarase a discusión argumentada de cada tema así como a elaboración dos esquemas básicos que logo o alumnado desenvolverá máis amplamente en base ao estudo ou actividade individual e reflectirá no portafolio.
Lecturas	As lecturas máis esenciais serán facilitadas con antelación á realización de cada sesión. O alumnado orientado pola bibliografía facilitada na materia, complementará estas lecturas coas da súa elección, utilizando bases de datos de calidade contrastada. A lectura é indispensable para propiciar unha discusión informada.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Portafolios do alumno	Tanto nas sesións de docencia presencial como nas horas destinadas á titoría prestarase ao alumnado a atención personalizada que precise. A diferenza das titulacións iniciais, previas ao mestrado, pode dar lugar a que certos alumnos/as requiran unha atención curricular e orientación específicas en determinados temas da materia.  O alumnado con recoñecemento oficial de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, deberá acudir a titorías, ben sexa presencial ou telemáticamente, para fixar as sesións interactivas e expositivas nas que poderá estar presente co fin de determinar os traballos substitutorios, se fose o caso.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A8 A5 B10	Realización dunha proposta pedagóxica inclusiva para un caso específico	40
Seminario	A7 A8 B2 B3 B4	Tomaranse en conta na avaliación a. A participación activa e informada na discusión dirixida. A aportación de materiais e análise riguroso dos mesmos. b. A análise, interpretación e elaboración de propostas de acción pedagóxica na súa abordaxe	20
Portafolios do alumno	B2 B3 B4 B10 C6	A avaliación contemplará o traballo do portafolio que se realiza na actividade presencial e non presencial, que consistirá na: -Reflexión e argumentación das actividades realizadas nas sesións de aula.	40

### Observacións avaliación



O alumnado con recoñecemento oficial de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, deberá acudir a titorías para fixar as sesións interactivas e expositivas nas que poderá estar presente co fin de determinar os traballos substitutorios, se fose o caso. Nesta titoría será informado do procedemento de avaliación que será o que resulte máis acaído en función da súa presenza/ausencia nas sesións interactivas. De ser o caso, o alumnado poderá realizar individualmente os traballos que substitúen a súa participación no seminario. As condicións son idénticas na primeira e segunda oportunidade.

Recoméndase

enviar os traballos telematicamente e, de non ser posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

Débese facer

un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter

en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

Seguirase a normativa universitaria no que respecta á

perspectiva de xénero no desenvolvemento da materia . Recoméndase utilizar linguaxe non sexista

nos traballos académicos e citación xusta nas referencias

bibliográficas dos mesmos.

## Fontes de información

### Bibliografía básica

- Echeita, Gerardo. (2007). Educación para la inclusión o educación sin exclusiones. Narcea.
- Elizondo Carmona, Coral. (2022). Neuroeducación y diseño universal para el aprendizaje. Una propuesta práctica para el aula inclusiva.. Octaedro.
- García-Barrera, Alba (2021). Controversias Inclusivas de la LOMLOE: Avanzando hacia un modelo de normalización educativa plena. Revista de Educación Inclusiva
- Núñez Mayán, María Teresa. (2008). Educación Especial: normalizar ou volver patolóxicas as diferenzas.. Revista Galega do Ensino
- Núñez Mayán, M. T. (2017). La doble red educativa especial/ordinaria resiste las políticas inclusivas en Prácticas innovadoras inclusivas: retos y oportunidades.. Universidade de Oviedo y Unesco
- Núñez Mayán, María Teresa. (2019). El estancamiento de la inclusión educativa del alumnado con discapacidad.. Revista de Educación Inclusiva
- Sandoval Mena, Marta., Simón Rueda, Cecilia., Echeita Sarrionandía, Gerardo. (2012). Análisis y valoración crítica de las funciones del profesorado de apoyo desde la educación inclusiva. Revista de Educación
- Rupérez, Nuria. y Medina, Ángeles. (2022). Una propuesta inclusiva, colaborativa y sistémica para elaborar el documento individual de adaptación curricular en la escuela infantil. Revista de Educación Inclusiva
- BIBLIOGRAFÍA BÁSICA INSCOW, M.J.; BERESFORD; HARRIS, A.; HOPKINS, D.; WEST. M. (2001): Crear condiciones para la mejora del trabajo en el aula. Narcea. BARTON, L. (1998): discapacidad y sociedad. Morata. BARTON, L. (2008): Superar las barreras de la discapacidad. Morata. BRENNAN, W.K. (1.988): El currículo para niños con necesidades especiales. Siglo XXI. CARRIÓN, J.J. (2001): Integración escolar, ¿plataforma para la escuela inclusiva? Siglo XXI. ECHEITA (2006): Educación para la inclusión o educación sin exclusiones. Narcea. GARCÍA PASTOR, C (1998): Una escuela común para niños diferentes. EUB. STAINBACK, S. y W. (1999): Aulas inclusivas. Narcea. VLACHOU, A (1999): Caminos hacia una educación inclusiva. La Muralla. - Ser capaz de reconocer la diversidad como característica esencial del contexto educativo. Enmarcar las NEAE en la perspectiva de una escuela heterogénea. - Ser capaz de detectar y evaluar las NEAE y diseñar líneas de intervención educativa para dar respuesta a las mismas. - Desarrollar el conocimiento y las destrezas necesarias para asesorar al profesorado respecto a la adaptación del curriculum en todos sus niveles de concreción.



<b>Bibliografía complementaria</b>	BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA AINSCOW, M. (1995). Necesidades especiales en el aula. Narcea. Madrid. GIL (2003): Fracaso escolar. Perspectiva internacional. Madrid. Alianza. BRENNAN, W.K. (1.988). El currículo para niños con necesidades especiales. Siglo XXI. BOOTH, T. & AINSCOW, M. (2006). Index para la inclusión. Desarrollo del juego, la participación y el aprendizaje en la educación infantil. Salamanca. INICO.
------------------------------------	--

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria incorporárase a perspectiva de xénero. Traballárase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influírse na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. &nbsp; &nbsp;

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías